Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Arco da Vella, vaite de aí ...

Tamén chamado Arco do Ceo, Barco da Vella, Arco das Novas, Arco das Mozas, Arco das Vellas, Arco das Sete Cores, A Ponte Coloreada, Arco do Trono, Circo da Vella, Arco Iris, Seña, Gancho, Risco. Arco de cores que se alimenta das augas dos ríos e dos mares. En épocas de fame chega a secuestrar nenos e mozas, polo que, cando se ve, é conveniente recitar: «Arco da vella, vaite de aí, que as nenas bonitas non son para ti».

Da variedade de denominacións xa se deduce que haxa múltiples interpretacións a maiores. Como arco, pode ser o dun deus guerreiro, e foino de Marduk, do deus das treboadas en Finlandia, de Zeus en Homero, dos Vedas, de Rama Chandra, de Rustán/Saitán no Irán. Tamén pode ser un arco de triunfo.

Pode ser unha porta ou unha ponte: Pont du Saint-Esprit, Pont Saint Bernard; en Escandinavia, Ponte das almas (esto lembra por certo aquel terrorífico cantaruxo dos catecúmenos: «*Dios tiene un puente de cristal, desde la tierra al cielo va*». Noutras partes é unha serpe, unha amalloa, un cinto, unha faixa, un acueducto que leva auga dos ríos ó mar.

Para os mariñeiros, unha soga: «Que o Arco da Vella me sirva de gravata se...». Os barcos que pasan baixo el quedan malfadados.

Pero o máis común é que sexa o Arco da Vella. Ben, e quen é a Vella?

En Irlanda e Escocia é A Vella Muller de Bhara, a Cailleach Bheur das Higlands, a Cailleach Beara irlandesa, a Caillagh ny Groamagh de Mans. Nalgunhas tribos amerindias é Welekaga, deusa do inverno ou do clima.

Na nosa tradición quedan as pegadas dunha deusa asociada á lúa, rexedora do tempo e das colleitas, da que non se garda moita memoria. Non debe esquecerse que a Mari vasca aparece moitas veces con forma de arco iris.

Nalgúns lugares distinguen mesmo entre dous arcos e entre as cores que as compoñen: as máis escuras pertencen ás vellas, as máis claras, ás novas.



Arco das mozas,

cheo de pozas;

arco das vellas,

cheo de pedras.

Tamén se di que das súas cores a azul representa o diluvio de auga que fixo renacer o mundo e a vermella o diluvio de lume que o ha destruír. Non debe esquecerse que Deus puxo o Arco despois do diluvio como sinal de alianza coa estirpe de Noé. Por eso se chama Seña.

Segundo polo lado que se vexa e segundo a que horas, pode anunciar o tempo: se sobre o mar, bo tempo; sobre a terra, chuvia e neve; entre lusco e fusco, un mencer bo; no mediodía, chuvia todo o día; no ceo, boas novas; se se ve no poñente, mal tempo e se é ó raiar o sol, bo día.

Cando anuncia chuvia pódese esconxurar dicíndolle:

Arco da vella,

revírate pedra,

non botes chuvia,

nin pingadela.

Nota: Este texto forma parte da entrada correspondente no "Dicionario dos seres míticos galegos", Ed. Xerais, 199. Autores: Xoán R. Cuba, Xosé Miranda e Antonio Reigosa. Ilustracións: Lázaro Enríquez.

Existe edición en castelán.